

Os demostrativos


Os posesivos

1 Subliña os demostrativos e clasifícaos na táboa de abaixo.

- Non compres estes melóns, aqueles parecen máis maduros.
- Esa bicicleta é a miña e aquela é a do meu curmán Xaime.
- A nai de Susana vai vir traballar a esta escola.
- Ponme un pemento; ese verde, non, mellor este encarnado.

Proximidade	Distancia media	Afastamento

1 Risca as palabras que non sexan posesivos.



REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **demostrativos** son as palabras que sinalan os seres ou os obxectos e indican a distancia que hai entre estes e a persoa que fala. Indican **proximidade**, **distancia media** ou **afastamento**.
Os demostrativos poden realizar a función de **determinante**, de **complemento** ou de **núcleo** dentro do grupo nominal.

REPASA ESTA INFORMACIÓN. Despois, corrixe as actividades anteriores.

Os **posesivos** son as palabras que expresan que un ser ou un obxecto pertence a alguén a quen chamamos posuidor.
Os posesivos indican a **persoa** gramatical (1.^a, 2.^a, 3.^a) e se hai **un posuidor** ou **varios**.
Os posesivos poden realizar a función de **determinante**, de **núcleo** ou de **complemento** dentro do grupo nominal.